



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 26 DE MAIO DE 2022

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e un minuto do día vinte e seis de maio de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do señor alcalde, don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta, de UxC; dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei, do PSdeG-PSOE; don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe, do PP; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites, de AV; dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común; e dona María José García Hidalgo, de C's.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona Verónica María Otero López, secretaria accidental

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 26 de maio de 2022, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202205261801040000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 25 de marzo de 2021 e á sesión ordinaria do día 28 de abril de 2022

Acceso á videoacta – 00:00:52 horas

O señor presidente pregunta se algún dos membros do Pleno municipal ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 25 de marzo de 2021 e á sesión ordinaria do día 28 de abril de 2022.

Non se formulan alegacións, polo que o Pleno municipal aproba os citados borradores por unanimidade dos concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron ás citadas sesións:

- os vinte e un concelleiros que integran a Corporación na sesión ordinaria do día 25 de marzo de 2021
- dezaioito concelleiros na sesión ordinaria do día 28 de de abril de 2022 (os oito concelleiros de UxC; os catro concelleiros do PSdeG-PSOE; os tres concelleiros do PP; o concelleiro do BNG que se relaciona: don Daniel Carballada Rodríguez; o concelleiro de AV que se relaciona: don Raúl Varela Fraguío; a concelleira de EU-Son en Común; e a concelleira de C's)

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Toma de coñecemento do escrito de designación de novo voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Cambre, en cumprimento do disposto no artigo 7.2 do Regulamento orgánico municipal



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Acceso á videoacta – 00:01:11 horas

De conformidade co establecido no artigo 7.2 do Regulamento orgánico municipal, dáse conta do escrito rexistrado de entrada ao núm. 0/1490, o día 2 de maio de 2022, presentado por don Diego Alcantarilla Rei, dona Lúa Sanguñedo Álvarez e dona Patricia María Parceró Quiñoy, no que comunican o nomeamento como voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE de don Diego Alcantarilla Rei.

Os vinte e un concelleiros e concelleiras integrantes da Corporación toman coñecemento do escrito de referencia.

2.2. Proposta de aprobación do expediente de suplemento de crédito núm. 2/2022

Acceso á videoacta – 00:01:26 horas

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 12 de maio de 2022, que consta do seguinte teor literal:

“Vista a liquidación do orzamento do exercicio 2021, que arroxa un Remanente Líquido de Tesourería positivo de **9.373.613,78€**.

Visto o acordo do Consello de Ministros de data 6 de outubro de 2020 que acorda a suspensión das regras fiscais para o bienio 2020-21, o que libera os concellos, sempre dentro de criterios de prudencia, para utilización do Remanente.

Visto que esta suspensión foi obxecto de prórroga para o ano 2022 polo acordo de Consello de Ministros en data de 27 de xullo de 2021, o cal foi referendado polo Congreso dos Deputados en sesión de 13 de setembro de 2021.

Vista a memoria de Alcaldía onde se detallan e xustifican os gastos obxecto deste expediente.

Vista a imposibilidade de demorar este gasto e a imposibilidade de financiamento mediante baixas noutras aplicacións.

Visto que de conformidade coas disposicións legais vixentes, cando deba realizarse algún gasto e o crédito consignado no Orzamento sexa insuficiente, a Corporación poderá acordar unha concesión de suplemento de crédito.

Visto o disposto na décimo segunda das Bases de execución do orzamento para 2022, e a dispoñibilidade de financiamento con cargo ao remanente líquido de tesourería.

É polo que propoño ao Pleno do Concello de Cambre a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar o expediente de suplemento de crédito número 2/2022 por importe de 2.149.061,00 euros nas aplicacións orzamentarias detalladas na memoria de Alcaldía financiada con remanente líquido de Tesourería.

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de edictos do Concello, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións, considerarase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 19 de maio de 2022.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona

María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Germade Presedo e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e Diego Alcantarilla Rei). Abstéñense os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.3. Proposta de aprobación do expediente de crédito extraordinario núm. 1/2022

Acceso á videoacta – 00:28:23 horas

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 12 de maio de 2022, que consta do seguinte teor literal:

“Vista a liquidación do orzamento do exercicio 2021, que arroxa un Remanente Líquido de Tesourería positivo de **9.373.613,78 €**.

Visto o acordo do Consello de Ministros de data 6 de outubro de 2020 que acorda a suspensión das regras fiscais para o bienio 2020-21, o que libera os concellos, sempre dentro de criterios de prudencia, para utilización do Remanente.

Visto que esta suspensión foi obxecto de prórroga para o ano 2022 polo acordo de Consello de Ministros en data de 27 de xullo de 2021, o cal foi referendado polo Congreso dos Deputados en sesión de 13 de setembro de 2021.

Vista a memoria de Alcaldía onde se detallan e xustifican os gastos obxecto deste expediente.

Vista a imposibilidade de demorar este gasto e a imposibilidade de financiamento mediante baixas noutras aplicacións.

Visto que de conformidade coas disposicións legais vixentes, cando deba realizarse algún gasto e o crédito consignado no Orzamento sexa inexistente, a Corporación poderá acordar unha concesión de crédito extraordinario.

Visto o disposto na décimo segunda das Bases de execución do orzamento para 2022, e a dispoñibilidade de financiamento con cargo ao remanente líquido de tesourería.

É polo que propoño ao Pleno do Concello de Cambre a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar o expediente de crédito extraordinario número 1/2022 por importe de 302.000,00 euros nas aplicacións orzamentarias detalladas na memoria de Alcaldía financiada con remanente líquido de Tesourería.

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de edictos do Concello, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións, considerarase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 19 de maio de 2022.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Germade Presedo e dona María Dolores Pan

Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e Diego Alcantarilla Rei). Votan en contra os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López). E abstéñense os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.4. Aprobación do código ético e de boa conduta dentro da política antifraude que se leva a cabo como consecuencia da xestión dos fondos europeos Next Generation integrados no Plan de recuperación, transformación e resiliencia e recollido no Plan municipal de medidas antifraude

Acceso á videoacta – 00:57:29 horas

Vista a proposta da Alcaldía, de data 12 de maio de 2022, que consta do seguinte teor literal:

«Vista a necesidade de elaborar un Código ético e de boa conduta tal e como preceptúa o Plan Municipal de Medidas Antifraude no seu apartado 6 O Ciclo Antifraude, punto 6.1. Medidas de prevención establece o seguinte: “O Concello de Cambre debe desenvolver e aprobar nos próximos 6 meses un código de conduta que poida incluír aspectos como o conflito de interese, os obsequios, confidencialidade, canles de denuncia, e o establecemento dun buzón de denuncias e/ou enlace ao canal de denuncias do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA)”, aprobado polo Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria do día 31 de marzo de 2022.

Vista a Providencia do Sr. alcalde de data de 11 de maio de 2022 na que solicita ao educador social e ao interventor municipal a elaboración dun código ético e de boa conduta ao abeiro do estipulado no Plan municipal de medidas antifraude.

Visto o Código ético e de conduta redactado polo educador social e o interventor municipal.

É por iso que se propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o Código ético e de boa conduta so seguinte tenor literal:

“CÓDIGO ÉTICO E DE BOA CONDUTA

PREÁMBULO

O Pleno municipal, na súa sesión ordinaria do día 31 de marzo de dous mil vinte e dous, adoptou, entre outros, o seguinte acordo: “2. PARTE RESOLUTIVA, 2.4. Aprobación, se procede, do Plan municipal de medidas antifraude.

O Plan Municipal de Medidas Antifraude no seu apartado 6 “O Ciclo Antifraude”, punto 6.1. “Medidas de prevención”, establece o seguinte: “O Concello de Cambre debe desenvolver e aprobar nos próximos 6 meses un código de conduta que poida incluír aspectos como o conflito de interese, os obsequios, confidencialidade, canles de denuncia, e o establecemento dun buzón de denuncias e/ou enlace ao canal de denuncias do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA)”.

O presente código ético e de boa conduta do Concello de Cambre, incardínase dentro da política antifraude a levar a cabo como consecuencia da xestión dos fondos europeos Next Generation integrados no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España. Neste documento, establécense os valores e os principios éticos que han de presidir a actuación dos/as traballadores/as do Concello de Cambre para asegurar que o seu traballo se leva a cabo conforme a unhas pautas éticas e de integridade, que garantan así mesmo a boa xestión dos fondos.

O Concello de Cambre manifesta publicamente nunha declaración institucional e no propio Plan municipal de medidas antifraude a política de tolerancia cero fronte á fraude e a corrupción, e informa que conta cos procedementos para a posta en marcha de medidas eficaces e proporcionadas contra a fraude, tendo en conta os riscos detectados.

Estes procedementos inclúen, dentro das medidas destinadas a previr a fraude, o presente Código ético e de conduta do persoal do Concello de Cambre. O presente Código constitúe unha ferramenta fundamental para transmitir os valores e as pautas de conduta en materia de fraude, recollendo principios que deben servir de guía e rexer a actividade do persoal empregado público.

Incorpórase no artigo 41 da Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do ano 2000, o dereito de todas as persoas a unha boa administración. O bo goberno e a boa administración, como obrigacións xurídicas que vinculan aos servidores públicos e actúan como límite no núcleo do exercicio das potestades discrecionais, esixen adoptar instrumentos que garantan o seu cumprimento, como é o deseño dunha infraestrutura ética que conforme o marco de integridade institucional, na que a elaboración e aprobación dun código ético e de conduta convértese nunha peza cruce, xunto con mecanismos eficaces de responsabilidade e control, que garantan tamén a vixilancia cidadá.

Agora, o Concello de Cambre quere fortalecer e renovar o seu compromiso coa adopción de medidas que melloren a confianza de todas as persoas cara ás institucións e os seus representantes, e vela por garantir a integridade e a ética institucionais, xunto con outras iniciativas vinculadas á transparencia, o acceso á información pública e a rendición de contas.

Trátase, pois, de determinar os principios e valores éticos que deben informar toda a actuación municipal.

En canto ao seu contido o Código ético recolle os valores e principios éticos que, de maneira xeral, resultan esixibles en calquera actuación dos cargos electos, do persoal directivo e dos empregados públicos municipais, e tamén tanto as normas de conduta de carácter xeral como, especificamente, aquelas fixadas para facer fronte a potenciais conflitos de interese.

Artigo 1. Obxecto.

Este Código ten por obxecto fixar os principios, os valores éticos e as regras de conduta que no exercicio das súas funcións e competencias deben observar as persoas incluídas no seu ámbito de aplicación, e regular o sistema de seguimento e avaliación do Código para garantir a súa eficacia.

Artigo 2. Finalidades.

Son finalidades deste Código as seguintes:

- a) Declarar os valores éticos e os principios de actuación e de bo goberno deste Concello.
- b) Proporcionar ferramentas para a resolución de conflitos éticos que poidan xurdir ás persoas destinatarias.
- c) Informar á cidadanía sobre a conduta e trato que deben recibir por parte das persoas ás que resulta aplicable este código.
- d) Garantir unha xestión íntegra, eficiente e transparente do Concello.
- e) Asegurar unha actuación íntegra e transparente das persoas ás que resulta aplicable no exercicio das súas funcións.

Artigo 3. Ámbito de aplicación.

1. O Código aplicarase ao Concello de Cambre.

O Concello fomentará que as entidades que xestionen servizos de titularidade municipal asuman os principios xerais e as normas de conduta que se recollen neste Código.

2. Están suxeitos a este Código os cargos electos do Concello de Cambre e os titulares dos órganos directivos e empregados públicos do Concello.

Teñen a consideración de órganos directivos os seguintes:

- Xefes/as de Área e/ou departamento.
- Secretario/a xeral municipal.
- Interventor/a xeral municipal.
- Tesoureira municipal.

Artigo 4. Principios éticos e de conduta.

A actividade diaria do persoal municipal debe reflectir o cumprimento dos **principios éticos recollidos nos artigos 52 a 54 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público**, que establecen o seguinte:

Os empregados públicos deberán desempeñar con dilixencia as tarefas que teñan asignadas e velar polos intereses xerais con suxeición e observancia da Constitución e do resto do ordenamento xurídico, e deberán actuar con arranxo aos seguintes principios: obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción do entorno cultural e medioambiental, e respecto á igualdade entre mulleres e homes, que inspiran o Código de Conduta dos empregados públicos configurado polos principios éticos e de conduta regulados nos artigos seguintes. Os principios e regras establecidos neste capítulo informaran a interpretación e aplicación do réxime disciplinario dos empregados públicos.

Principios éticos.

1. Os empregados públicos respectarán a Constitución e o resto de normas que integran o ordenamento xurídico.
2. A súa actuación perseguirá a satisfacción dos intereses xerais da cidadanía e se fundamentará en consideracións obxectivas orientadas cara a imparcialidade e o interese común, ao marxe de calquera outro factor que exprese posicións persoais, familiares, corporativas, clientelares ou calquera outra que poida chocar con este principio.
3. Axustarán a súa actuación aos principios de lealdade e boa fe coa Administración na que presten os seus servizos, e cos seus superiores, compañeiros/as, subordinados/as e cos cidadáns.
4. A súa conduta basearase no respecto dos dereitos fundamentais e liberdades públicas, evitando toda actuación que poida producir discriminación algunha por razón de nacemento, orixe racial ou étnico, xénero, sexo, orientación sexual, relixión ou conviccións, opinión, discapacidade, idade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
5. Absteranse naqueles asuntos nos que teñan un interese persoal, así como de toda actividade privada ou interese que poida supoñer un risco de expor conflitos de interese co seu posto público.
6. Non contraerán obrigas económicas nin intervirán en operacións financeiras, obrigas patrimoniais ou negocios xurídicos con persoas ou entidades cando poida supoñer un conflito de interese coas obrigas do seu posto público.
7. Non aceptarán ningún trato de favor ou situación que implique privilexio ou vantaxe inxustificada, por parte de persoas físicas ou entidades privadas.
8. Actuarán de acordo cos principios de eficacia, economía e eficiencia, e vixiarán a consecución do interese xeral e o cumprimento dos obxectivos da organización.
9. Non influirán na axilización ou resolución de trámite ou procedemento administrativo sen xusta causa e, en ningún caso, cando elo comporte un privilexio en beneficio dos titulares dos cargos públicos o seu entorno familiar e social inmediato ou cando supoña un menoscabo dos intereses de terceiros.
10. Cumprirán con dilixencia as tarefas que lles correspondan ou se lles encomenden e, no seu caso, resolverán dentro do prazo os procedementos ou expedientes da súa competencia.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

11. Exercerán as súas atribucións segundo o principio de dedicación ao servizo público absténdose non so de condutas contrarias ao mesmo, senón tamén de calquera outra que comprometan a neutralidade no exercizo dos servizos públicos.
12. Gardarán segredo das materias clasificadas u outras cuxa difusión este prohibida legalmente, e manterán a debida discreción sobre aqueles asuntos que coñezan por razón do seu cargo, sen que poidan facer uso da información obtida para beneficio propio ou de terceiros, ou en prexuízo do interese público.

Principios de conduta.

1. Tratarán con atención e respecto á cidadanía, e aos seus superiores e aos restantes empregados públicos.
2. O desempeño das tarefas correspondentes ao seu posto de traballo realizarase de forma dilixente e cumprindo a xornada e o horario establecidos.
3. Obedecerán as instrucións e ordes profesionais dos superiores, salvo que constitúan unha infracción manifesta do ordenamento xurídico, en cuxo caso as porán inmediatamente en coñecemento dos órganos de inspección procedentes.
4. Informarán á cidadanía sobre aquelas materias ou asuntos que teñan dereito a coñecer, e facilitarán o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.
5. Administrarán os recursos e bens públicos con austeridade, e non utilizarán os mesmos en proveito propio ou de persoas achegadas. Terán, asemade, o deber de velar polo súa conservación.
6. Rexeitarase calquera regalo, favor ou servizo en condicións vantaxosas que vaian máis alá dos usos habituais, sociais y de cortesía, sen prexuízo do establecido no Código Penal.
7. Garantirán a constancia e permanencia dos documentos para a súa transmisión e entrega aos seus posteriores responsables.
8. Manterán actualizada a súa formación e cualificación.
9. Observarán as normas sobre seguridade e saúde laboral.
10. Porán en coñecemento dos seus superiores ou dos órganos competentes as propostas que consideren adecuadas para mellorar o desenvolvemento das funcións da unidade na que estean destinados. A estes efectos porase prever a creación da instancia adecuada competente para centralizar a recepción das propostas dos empregados públicos ou administrados que sirvan para mellorar a eficacia no servizo.
11. Garantirán a atención á cidadanía na lingua que o solicite sempre que sexa oficial no territorio.

Asemade, todo o persoal do Concello de Cambre está suxeito aos principios de actuación recollidos no artigo 73 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e aos deberes e código de conduta, enunciados no artigo 74 da mesma norma.

As persoas suxeitas a este Código, no exercicio das funcións e competencias que teñan atribuídas, actuarán de acordo cos seguintes principios éticos: legalidade, dereitos humanos, dereitos fundamentais, liberdades públicas, lealdade institucional, imparcialidade, actuarán en beneficio do interese público ao servizo exclusivo dos intereses xerais e con vocación de servizo público, sen incorrer situacións de conflito de intereses, obxectividade, respecto, confianza pública, proximidade, actuarán baixo os principios de obxectividade, eficacia, economía e eficiencia na xestión dos recursos públicos, integridade, exemplaridade, rendición de contas, transparencia.

Artigo 5. Valores de boa gobernanza.

Os membros da Corporación e o persoal directivo municipal actuarán de acordo cos seguintes valores de boa gobernanza:

- a) Satisfacer o interese público xeneral velando pola satisfacción das diferentes necesidades sociais, económicas, culturais e ambientais da cidadanía, por encima de calquera interese privado.
- b) Responder con celeridade ás necesidades cidadás, mediante a promoción da corresponsabilidade política de todas as partes.

- c) Impulsar a implantación dunha administración receptiva e accesible ás peticións das persoas, mediante o uso dunha linguaxe administrativa clara e comprensible, a simplificación e axilización dos procedementos administrativos e a eliminación de cargas burocráticas excesivas.
- d) Impulsar a coordinación entre Administracións Públicas.
- e) Garantir a calidade dos servizos baixo a súa responsabilidade e o cumprimento dos dereitos das persoas usuarias.
- f) Garantir a neutralidade institucional nos eventos organizados polo Concello.

Artigo 6. Normas de conduta relativas aos conflitos de intereses.

- 1. Para os efectos deste Código enténdese que existe, ou pode existir, conflito de interese cando concorren intereses públicos e privados de tal maneira que poden afectar negativamente ao exercicio das funcións públicas de forma independente, obxectiva, imparcial e honesta.
- 2. Para evitar situacións de conflito de intereses, as persoas suxeitas a este Código, no exercicio das súas funcións e competencias, deben respectar as seguintes normas de conduta:
 - 2.1. Inhibirse de participar en calquera asunto no que poida considerarse que concorren intereses persoais que prexudiquen a consecución dos intereses públicos que motiva e guía a súa actuación, ou nos que poidan concorrer calquera outra causa de abstención ou recusación legalmente prevista, e comunicar esta situación de forma inmediata.

No caso dos cargos electos, deben absterse de intervir e votar en calquera asunto no que teñan un interese persoal e poida existir conflito de intereses.
 - 2.2. Respectar estritamente, en materia de selección de persoal e de provisión de postos de traballo, as normas aplicables en materia de abstención e de recusación.
 - 2.3. Absterse de nomear persoal con quen poida haber conflito de intereses familiar.
 - 2.4. Absterse de utilizar o cargo para axilizar ou entorpecer procedementos ou para proporcionar algún beneficio a unha terceira persoa, con infracción do principio de igualdade de trato.
 - 2.5. Absterse de desenvolver calquera actividade allea ás funcións municipais, ou participar de maneira indirecta nela, que poida interferir nos intereses públicos municipais.
 - 2.6. Non facer uso da posición institucional ou prerrogativas derivadas do cargo ou posto de traballo para obter vantaxes persoais ou para favorecer ou prexudicar a outras persoas, físicas ou xurídicas, que poidan relacionarse coa Administración.
 - 2.7. Absterse de aceptar agasallos ou presentes e tamén favores ou servizos en condicións máis favorables que poidan condicionar o desenvolvemento das funcións atribuídas.
 - 2.8. Unicamente poderá aceptarse de terceiros o pago do desprazamento, aloxamento e manutención cando teñan que asistir, convidadas oficialmente por institucións privadas ou públicas, a actividades sobre materias directamente relacionadas coas súas funcións ou competencias.

O réxime de invitacións a terceiros pola Corporación rexeráse tamén por estas normas de conduta.
- 3. As persoas suxeitas a este Código deberán adoptar un papel proactivo na detección e xestión dos conflitos de interese nos que se poida encontrar o persoal das unidades ao seu cargo ou dos que poidan ter coñecemento.

Artigo 7. Normas de conduta relativas á xestión e uso dos recursos públicos.

As persoas suxeitas a este Código, no exercicio das funcións e competencias que teñan atribuídas, deben actuar de acordo coas seguintes regras:

- a) Xestionar e protexer os recursos e bens públicos de acordo cos principios de legalidade, eficiencia, equidade e eficacia facilitando a supervisión e rendición de contas tanto no ámbito interno como ante a cidadanía.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- b) Usar de maneira adecuada e responsable e exclusivamente para o cumprimento das funcións asignadas ao cargo ou posto, os medios e recursos municipais de toda índole e natureza como, entre outros, as instalacións e dependencias, os vehículos do parque móbil, os recursos de ofimática e telecomunicacións (computadores, fotocopiadoras, software, teléfono, internet, correo electrónico etc), os servizos postais ou as credenciais de identificación.
- c) Unicamente efectuarán as viaxes que sexan imprescindible para o desenvolvemento das funcións ou competencias atribuídas ao cargo ou posto. En todo caso, viaxarán só as persoas indispensables e directamente vinculadas ao cumprimento das funcións ou satisfacción do interese público a que responde o desprazamento.
- d) O réxime de invitacións a terceiros pola Corporación rexerese polo disposto na letra 2.8. do artigo 6.

Artigo 8. Normas de conducta na xestión doutros ámbitos de actividade municipal.

As persoas suxeitas a este Código, no exercicio das súas funcións e competencias, deben actuar de acordo coas seguintes regras:

- a) En materia de xestión de persoal:
 - Garantir e defender a honorabilidade das persoas empregadas públicas, no desenvolvemento das súas funcións.
 - Eliminar os factores de risco que xeran a aparición de situacións de acoso sexual e por razón de sexo, acoso por conduta discriminatoria, acoso psicolóxico no traballo e outros riscos de natureza psicosocial, así como non incorrer nestas condutas.
- b) En materia de transparencia e acceso á información.
 - Proporcionar ao Portal de Transparencia toda a información derivada das súas actuacións para a súa publicación, de acordo coa normativa de aplicación.
 - Manter a confidencialidade e reserva respecto da información obtida por razón do cargo ou posto.
 - Non acceder a información innecesaria para o exercicio das súas funcións ou responsabilidades.
- c) En materia contractual.
 - Velar polo uso dos procedementos contractuais que posibiliten unha maior concorrencia e publicidade.
 - Promover a inclusión nos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas dos contratos de cláusulas sociais e ambientais, á parte das condicións especiais de execución desa natureza.
- d) En materia de subvencións e axudas públicas:
 - Garantir que toda subvención se outorga de conformidade cos principios de publicidade, concorrencia e igualdade ou, no seu defecto, que se trata das excepcións previstas legalmente.
 - Establecer criterios obxectivos na concesión de subvencións e axudas públicas e garantir o control posterior da súa execución, da dispoñibilidade das axudas e da xustificación dos fondos recibidos.

Artigo 9. Normas relativas aos obsequios, mostras de cortesía e atencións protocolarias.

9.1. Prohibición de obsequios e dádivas.

1. O persoal do Concello de Cambre non poderá aceptar, recibir ou solicitar, directamente ou a través de terceiras persoas, e en consideración ao seu cargo ou posto, ningún regalo, dádiva, beneficio ou favor, calquera que fora a súa natureza, nin para si mesmo nin para o seu círculo familiar inmediato, que comprenderá ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.
2. Os obsequios en metálico, calquera que fora o seu importe, terán sempre a consideración de regalo.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- Os regalos se devolverán á persoa ou entidade oferente, acompañados dunha notificación por escrito na que se invoque o presente código ético e de conduta, conforme a un formulario tipo que determine a Comisión antifraude do Concello de Cambre.

En caso de resultar imposible ou antieconómica a súa devolución, deberase proceder a súa oportuna notificación á Comisión Antifraude para que xestione o seu destino, de conformidade cun formulario que determine a Comisión.

9.2. Réxime aplicable ás mostras de cortesía e atencións protocolarias.

Serán consideradas mostras ou atencións de cortesía social e institucional unicamente as seguintes:

- As atencións enmarcadas nos usos habituais e costumes sociais de cortesía. Entenderase que se supera dita consideración cando se sobrepase o importe máximo de 90 euros. Este tope máximo será de aplicación a todo o persoal.

No caso de superarlo, observarase ao disposto para o réxime de devolución. En caso de dúbida manifesta sobre o importe, a persoa receptora deberá efectuar consulta á Comisión Antifraude do Concello de Cambre, que será a encargada de avaliar si dito obsequio supera ou non o límite establecido. A resolución deste órgano terá carácter vinculante.

A regularidade ou reiteración deste tipo de atencións por parte da mesma persoa física ou xurídica a un mesmo destinatario/a significará a perda do carácter de cortesía cando o importe das gratificacións –de maneira illada ou acumulada– durante o período dun ano supere o límite económico anteriormente referido.

- Os obsequios oficiais ou de carácter protocolario que se poidan intercambiar ou recibir en exercicio das relacións institucionais, así como as atencións enmarcadas en actos públicos ou promocionais, en caso de sobrepasar os 90 euros, deberán ser oportunamente notificados ao Comité Antifraude do Concello de Cambre para que xestione o seu destino, de conformidade cun modelo tipo que determine o Comité e que aprobe o Concello de Cambre.
- As comidas ou hospedaxes ligados á función do cargo ou posto nas que a dita persoa participe e as enmarcadas na programación dun acto público ou visita oficial.
- Os artigos de propaganda ou publicidade que pola súa escasa entidade resulte sinxelo discernir sen necesidade de efectuar un xuízo de valor (como axendas, calendarios ou bolígrafos).
- Os gastos e atencións derivadas da participación ou presenza en ponencias, congresos, seminarios ou actos similares de carácter científico, técnico e/ou cultural.
- Invitacións a actos de contido cultural ou a espectáculos públicos cando sexan por razón do cargo ou función que se exerza.

Artigo 10. Normas sobre a confidencialidade.

O persoal deberá estar ao tanto das obrigas legais e das políticas e directrices do Concello de Cambre relativas á confidencialidade e á transparencia.

Ademais:

- Non revelará ningunha información obtida como resultado do seu traballo sen a debida e específica autorización, a menos que exista un dereito ou deber legal ou profesional para facelo.
- Non poderá utilizar información confidencial para beneficio persoal ou para o beneficio de terceiros.
- Deberá estar alerta ante a posibilidade de revelación involuntaria de información confidencial a terceiros.
- Deberá manter confidencialidade profesional durante e despois do cese del emprego.

Artigo 11. Canle de denuncias.

Estarase ao estipulado no apartado 8 do Plan municipal de medidas antifraude.

Artigo 12. Comisión antifraude do Concello de Cambre.

Crearase mediante Resolución da Alcaldía tal e como preceptúa o apartado 9 do Plan municipal de medidas antifraude aprobado polo Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria do día 31 de marzo de 2022.

A Comisión antifraude do Concello de Cambre nomeará un Comité de Ética entre os seus integrantes para velar polo cumprimento do regulado no presente Código ético e de conduta do Concello de Cambre.”

Segundo. Dar traslado do presente Código ético e de boa conduta a todo o persoal municipal e publicalo na páxina Web do Concello de Cambre (www.cambre.es).»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 19 de maio de 2022.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Germade Presedo e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe) e os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites). Abstéñense os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por dezasete votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.5. Ratificación da Resolución da Alcaldía núm. 786/2022, do 4 de maio, de rectificación de erros materiais detectados no acordo plenario, de data 27 de xaneiro de 2022, de aprobación da participación do Concello de Cambre no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022”

Acceso á videoacta – 01:30:37 horas

Vista a proposta da Alcaldía, de data 11 de maio de 2022, que consta do seguinte teor literal:

«Con data 4 de maio de 2022, por esta Alcaldía ditouse a Resolución núm. 786/2022, que consta do seguinte teor literal:

“O Pleno municipal, na súa sesión ordinaria de data 27 de xaneiro de 2022, adoptou o acordo de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022”, no que se facía constar:

«1.- (...)

2.- Aprobación do Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)	IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)	Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecemento) (C=A-B)
PBE Mellora funcional da rúa Rocón. Cambre	60.000,00€	0,00€	60.000,00€
PBE Mellora funcional e da accesibilidade do parque Ramón Barba. Cambre. Fase 1	243.343,10€	0,00€	243.343,10€
TOTAIS	303.343,10€	0,00€	303.343,10€

3.- (...)»

Visto o requirimento de emenda remitido o 28 de abril de 2022 pola Deputación Provincial da Coruña, no que se recolle:

“Ese concello presentou a través da PLATAFORMA SUBTEL desta deputación a documentación para participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022”, cuxas Bases foron aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 26 de novembro de 2021 (BOP número 228, do 30 de novembro de 2021).

Revisada a documentación presentada, atopáronse as deficiencias que de seguido se indican:

- ANEXO I:

Na certificación do acordo plenario, na táboa do apartado 2 relativo ao Plan Complementario, transcríbese incorrectamente o orzamento do investimento “PBE Mellora funcional da rúa Rocón. Cambre”. O orzamento deste investimento non é de 60.000,00 € senón de **66.058,74 €**. Isto afecta tamén ao **total do Plan Complementario que sería de 309.401,84 €**.

Por todo isto, deberá achegarse un novo Anexo I cos importes correctos, que substituirá ao Anexo I anteriormente presentado, o que se marcará como obsoleto.”

Visto que esta emenda debe presentarse, a través da plataforma Subtel, con data límite o vindeiro venres día 5 de maio de 2022.

Visto o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, respecto de que:

“As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

No uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,
RESOLVO:

Primeiro: Rectificar os erros materiais detectados na táboa do apartado 2, relativa ao Plan complementario, do acordo de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022”, adoptado o 27 de xaneiro de 2022 polo Pleno municipal, isto de conformidade co establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segundo: O acordo do Pleno municipal, de data 27 de xaneiro de 2022, de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022 queda redactado do teor literal seguinte:

“1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2022”, “achega provincial 2021” e “préstamo provincial 2022”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	346.459,17 €
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	0,00€
Subtotal gasto corrente	346.459,17 €

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022	Financiamento do investimento					
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
			Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
---	0,00€	0,00€	0,00€	0,00€	0,00€	
Subtotal investimentos achega provincial 2022	0,00€	0,00€	0,00€	0,00€	0,00€	

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento					
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
			Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	
PBE Mellora funcional do Paseo dos Templarios. Cambre. Fase 1	118.404,71€	0,00€	0,00€	0,00€	118.404,71€	
PBE Rehabilitación do pavimento da pista polideportiva “A Balastreira”. Cambre	30.000,00€	0,00€	0,00€	0,00€	30.000,00€	
Mellora da pista deportiva municipal do Temple. Cambre	60.000,00€	0,00€	0,00€	0,00€	60.000,00€	
Subtotal investimentos achega provincial 2021	208.404,71€	0,00€	0,00€	0,00€	208.404,71€	

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A.	19.091,93€
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	19.091,93€



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

D) Resumo:

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Total
		Concello	IVE sorport. deducible (só abastec. auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2022	346.459,17€			346.459,17€
	Achega 2021 (Excep.Base 2.1)	0,00€			0,00€
B- INVESTIMENTOS	Achega 2022	0,00€	0,00€	0,00€	0,00€
	Achega 2021	208.404,71€	0,00€	0,00€	208.404,71€
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2022	19.091,93€			19.091,93€
TOTAL	Achega 2022	346.459,17€	0,00€	0,00€	346.459,17€
	Achega 2021	208.404,71€	0,00€	0,00€	208.404,71€
	Préstamo 2022	19.091,93€			19.091,93€
	TOTAL	573.955,81€	0,00€	0,00€	573.955,81€

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)	IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)	Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecemento) (C=A-B)
PBE Mellora funcional da rúa Rocón. Cambre	66.058,74 €	0,00 €	66.058,74 €
PBE Mellora funcional e da accesibilidade do parque Ramón Barba. Cambre. Fase 1	243.343,10 €	0,00 €	243.343,10 €
TOTAIS	309.401,84 €	0,00 €	309.401,84 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.»

Terceiro: Dar conta ao Pleno na seguinte sesión que teña lugar, para a súa ratificación.”

Tendo en conta o disposto na citada resolución, propono ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 786/2022, do 4 de maio de rectificación de erros materiais detectados no acordo plenario, de data 27 de xaneiro de 2022, de aprobación da participación do Concello de Cambre no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022”..»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade de data 19 de maio de 2022.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Germade Presedo e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e Diego Alcantarilla Rei). Abstéñense os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

Faise constar que, cando son as vinte e unha horas e corenta e tres minutos, auséntase da sesión don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG.

2.6. Ratificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 5 de maio de 2022, respecto da aprobación do proxecto de "Mellora funcional do Paseo dos Templarios. Cambre. Fase 1", incluído no POS+ 2022, corrixido a requirimento da Deputación Provincial

Acceso á videoacta – 01:42:40 horas

Vista a proposta da Alcaldía, de data 12 de maio de 2022, que consta do seguinte teor literal:

“A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do día 5 de maio de 2022, por unanimidade dos sete concelleiros que asistiron á sesión, aprobou a proposta da Alcaldía, de data 5 de maio de 2022, que literalmente se transcribe a continuación:

«O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 27 de xaneiro de 2022 aprobou, entre outros, o proxecto que de seguido se relaciona, incluído dentro do Plan de Cooperación municipal ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS + 2022”:

Denominación	Redactor	Importe (IVE engadido)
Proxecto básico e de execución Mellora funcional do Paseo dos Templarios. Cambre. Fase 1	José Ramón Díaz Barbeito Arquitecto municipal	118.404,71 €

Con data 28 de abril de 2022 recibíuse un requirimento da Deputación Provincial da Coruña para emendar o proxecto presentado, no que se indican que deben ser corrixiadas as seguintes incidencias:

“(…)

Memoria

- *Deberá xustificarse adecuadamente o cumprimento da normativa vixente de accesibilidade. No proxecto indicase que o mobiliario, os pavimentos táctiles indicadores, a sinalización, etcétera cumpren, pero non están definidos no proxecto.*
- *Debe achegarse o cálculo da iluminación e da instalación eléctrica respectiva. Así mesmo deberá xustificarse, de ser o caso, do RD 1890/2008.*

Orzamento

- *Considerando que son de aplicación ao procedemento de contratación os pregos tipo da Deputación da Coruña (Base 7.1 do POS +2022) e o establecido na súa cláusula 29) CONTROL DE CALIDADE, as partidas de control de calidade deben eliminarse do orzamento sen prexuízo de que poda figurar o plan de control de calidade como documento do proxecto.*
- *O prezo descomposto das xardineiras de formigón non parece corresponderse coa súa medición, por exemplo 0,35 m3 de formigón x 131,8 m2 de superficie-46,13 m3 de formigón, que é unha cantidade excesiva para as dimensións especificadas no texto. Coa man de obra ocorre xusto o contrario.*
- *En relación co anterior a cantidade de terra vexetal medida no orzamento para estas xardineiras (40 cm de espesor), non parece suficiente para plantar arbolado de ata 3,5m de altura (sí sería suficiente para os parterres). Neste mesmo sentido indicar que en proxecto toda a xardiñeira parece estar plantada en xardineiras (non se demole o pavimento de formigón inferior), pero nosn planos parte dos árbores podería entenderse que se plantan en alcorques.*

Planos

Os planos do proxecto carecen do detalle necesario para que as obras queden perfectamente definidas:

- *Deben achegarse planos que definan as instalacións eléctrica e de iluminación*
- *Falta planos de cotas que permitan o replanteo do proxecto*
- *O proxecto carece de seccións.*
- *Faltan detalles de pavimentos, bordillos, xardineiras, mobiliario, encontro co peto de pedra existente...*

Tendo en conta que o proxecto foi corrixido polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, coa data do 5 de maio de 2022.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución núm. 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Único: Aprobar o proxecto corrixido denominado “Proxecto básico e de execución Mellora funcional do Paseo dos Templarios. Cambre. Fase 1”, redactado polo Arquitecto Municipal don José Ramón Díaz Barbeito, e asinado electronicamente o 5 de maio de 2022.»

Tendo en conta o anterior, propoño ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Ratificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente de data 5 de maio de 2022, de aprobación do proxecto corrixido denominado “Proxecto básico e de execución Mellora funcional do Paseo dos Templarios. Cambre. Fase 1”, redactado polo arquitecto Municipal don José Ramón Díaz Barbeito, e asinado electronicamente o 5 de maio de 2022, incluído dentro do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022”.

Segundo: Comunicar á Sección de Servizos municipal, para os efectos oportunos.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade de data 19 de maio de 2022.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Germade Presedo e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e Diego Alcantarilla Rei). Abstéñense os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.7. Ratificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 5 de maio de 2022, respecto da aprobación do proxecto de "Mellora da pista deportiva municipal do Temple. Cambre", incluído no POS+ 2022, corrixido a requirimento da Deputación Provincial

Acceso á videoacta – 01:43:45 horas

Vista a proposta da Alcaldía, de data 12 de maio de 2022, que consta do seguinte teor literal:

“A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do día 5 de maio de 2022, por unanimidade dos sete concelleiros que asistiron á sesión, aprobou a proposta da Alcaldía, de data 4 de maio de 2022, que literalmente se transcribe a continuación:

«O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 27 de xaneiro de 2022 aprobou, entre outros, o proxecto que de seguido se relaciona, incluído dentro do Plan de Cooperación municipal ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS + 2022”:

Denominación	Redactor	Importe (IVE engadido)
Mellora da pista deportiva municipal do Temple, Cambre	Andrés Pérez Rouco Enxeñeiro de camiños, canles e portos	60.000,00 €

Con data 28 de abril de 2022 recibíuse un requirimento da Deputación Provincial da Coruña para emendar o proxecto presentado, no que se indican que deben ser corrixidas as seguintes incidencias:

“(…)

-Eliminaranse do Prego de condicións as determinacións de tipo administrativo; resulta de aplicación o PCAP desta Deputación así como a L 9/2017 e poden entrar en contradición con esta regulamentación

-os prezos por hora dos distintos oficios deben unificarse por cualificación profesional e deben ser coherentes (por exemplo o prezo dun oficial 1ª non pode ser inferior ao dun oficial 2ª). Existen prezos de mercado (peón ordinario, capataz)

-eliminaranse as fichas técnicas de produtos de marcas concretas (Bases POS + 2022 publicadas en BOP núm. 228 do 30.11.2021)”.

Tendo en conta que o proxecto foi corrixido polo técnico redactor e supervisado polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, segundo informe emitido o 4 de maio de 2022.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución núm. 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Único: Aprobar o proxecto corrixido denominado "Mellora da pista deportiva municipal do Temple, Cambre", redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Andrés Pérez Rouco, e asinado electronicamente o 3 de maio de 2022.»

Tendo en conta o anterior, propoño ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Ratificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente de data 5 de maio de 2022, de aprobación do proxecto corrixido denominado "*Mellora da pista deportiva municipal do Temple, Cambre*", redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Andrés Pérez Rouco, e asinado electronicamente o 3 de maio de 2022, incluído dentro do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022".

Segundo: Comunicar á Sección de Servizos municipal, para os efectos oportunos."

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade de data 19 de maio de 2022.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Germade Presedo e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e Diego Alcantarilla Rei). Abstéñense os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.8. Ratificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 5 de maio de 2022, respecto da aprobación do proxecto básico e de execución de "Mellora funcional e accesibilidade parque Ramón Barba. Fase 1", incluído no POS+ 2022 (Plan complementario), corrixido a requirimento da Deputación Provincial

Acceso á videoacta – 01:44:54 horas

Este punto non foi tratado.

2.9. Ratificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 5 de maio de 2022, respecto da aprobación do proxecto básico e de execución de "Mellora funcional da rúa Rocón. Cambre" incluído no POS+ 2022 (Plan complementario), corrixido a requirimento da Deputación Provincial

Acceso á videoacta – 01:45:03 horas

Vista a proposta da Alcaldía, de data 12 de maio de 2022, que consta do seguinte teor literal:

"A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do día 5 de maio de 2022, por unanimidade dos sete concelleiros que asistiron á sesión, aprobou a proposta da Alcaldía, de data 4 de maio de 2022, que literalmente se transcribe a continuación:

«O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 27 de xaneiro de 2022 aprobou, entre outros, o proxecto que de seguido se relaciona, incluído dentro do Plan de Cooperación municipal ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS + 2022":

Denominación	Redactor	Importe (IVE engadido)
Proxecto básico e de execución Mellora funcional da rúa Rocón. Cambre	Patricia Muñiz Núñez e Luciano González Alfaya Arquitectos	66.058,74 €

Con data 28 de abril de 2022 recibíuse un requirimento da Deputación Provincial da Coruña para emendar o proxecto presentado, no que se indican que deben ser corrixidas as seguintes incidencias:

"(...)

- *segundo as bases do POS+2022 (BOP 30.11.2022) o control de calidade non resulta subvencionable polo que deberá eliminarse do ornamento.*
- *eliminarase de condicións administrativas do Prego; resulta de aplicación a Lei de contratos así como os pregos de condicións administrativas aprobados pola 'Deputación da Coruña*
- *revisar pavimento táctil indicador (accesibilidade): inicio e final da rampla, zonas aberta/sen liña de fachada, direccional táctil entre fachada/elemento delimitador e faixa advertencia de paso de peóns*
- *xustificación pendente vao peonil e dimensión do pavimento táctil, xustificación da pendente da rampla*
- *indicarase o emprazamento do bordo de aceiro corten*
- *aclararase que pasa co recorrido peonil neste punto:*



Tendo en conta que o proxecto foi corrixido polos técnicos redactores e supervisado polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, segundo informe emitido o 4 de maio de 2022.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución núm. 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Único: Aprobar o proxecto corrixido denominado "Proxecto básico e de execución Mellora funcional da rúa Rocón. Cambre", redactado por Patricia Muñiz Núñez e Luciano González Alfaya, e asinado electronicamente o 3 de maio de 2022.»

Tendo en conta o anterior, propoño ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Ratificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente de data 5 de maio de 2022, de aprobación do proxecto corrixido denominado "Proxecto básico e de execución Mellora funcional da rúa Rocón. Cambre", redactado por Patricia Muñiz Núñez e Luciano González Alfaya, e asinado electronicamente o 3 de maio de 2022, incluído dentro do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022".

Segundo: Comunicar á Sección de Servizos municipal, para os efectos oportunos."

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade de data 19 de maio de 2022.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Germade Presedo e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e Diego Alcantarilla Rei). Abstéñense os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.10. Aprobación inicial das bases do “XXXVII Torneo de chave Concello de Cambre” 2022, así como a súa convocatoria

Acceso á videoacta – 01:46:03 horas

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, de data 13 de maio de 2022, que consta do seguinte teor literal:

«En cumprimento das competencias que o Concello de Cambre ten na promoción do deporte, conforme se estipula no artigo 25.2 apartado I) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, artigo 8, apartado 1) da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia e artigo 80.2) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Tendo en conta que o Concello de Cambre é uns dos concellos nos que ten maior arraigo o xogo tradicional da chave, e que organiza dende hai moitos anos, durante o mes de agosto, un torneo *municipal de chave*, que constitúe un referente dentro da comarca pola súa tradición e número de edicións disputadas, nas que participan as entidades de chave do Concello de Cambre, acadando este ano, o que será a súa XXXVII edición.

Considerando necesaria a continuidade, dentro do programa de actividades deportivas do Concello de Cambre, do desenvolvemento dun Torneo municipal de Chave, é precisa a aprobación das bases que rexan o dito torneo, co fin de establecer o procedemento de participación e as normas de xogo así como os criterios de reparto dos premios (gratificacións) entre as entidades locais participantes, de acordo cos principios de publicidade e transparencia.

Visto o informe do coordinador da área de Deportes, no que se informa favorablemente aprobación das bases do *XXXVII Torneo de Chave Concello de Cambre 2022*, así como a súa convocatoria, a celebrar o 6 de agosto de 2022, dende a Área de Cultura, Deportes e Xuventude proponse ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar inicialmente as bases do “XXXVII Torneo de Chave Concello de Cambre” tal e como se transcriben a seguir, así como a súa convocatoria:

BASES DO XXXVII TORNEO DE CHAVE “CONCELLO DE CAMBRE”

A finalidade das presentes bases e regular o desenvolvemento do XXXVII torneo de Chave do Concello de Cambre para o ano 2022.

1. EMPRAZAMENTO:

- **Data e lugar de celebración:** O XXXVII Torneo Concello de Cambre celebrarase o sábado 6 de agosto de 2022 no campo municipal Daniel Mallo de Cambre.

- **Horario:** Terá comezo 17:00 horas e rematará coa entrega de premios ás 20:30 horas aproximadamente.

2. INSCRICIÓNS

As inscricións no torneo de chave serán gratuítas e poderá inscribirse no mesmo os clubs e os tiradores que houberan competido, durante este ano, ben na Liga da Federación ou na Liga da Irmandade.

Na formalización da inscrición dos equipos constará un mínimo de **6** xogadores como tiradores. Só poderán tirar aqueles xogadores inscritos no torneo. Os clubs deberán presentar a súa inscrición mediante solicitude formulada no modelo normalizado.

O prazo de inscrición será do 15 de xullo ao 5 de agosto de 2022. A inscrición formalizarase mediante a presentación da solicitude en calquera das oficinas de Rexistro Municipal (previa cita) ou na sede electrónica (sede.cambre.es), sen prexuízo do disposto no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Para estes efectos, a data de inscrición a considerar será a de entrada no Rexistro do Concello de Cambre.

Os clubs e os seus tiradores autorizan a publicación dos seus datos persoais nos diferentes medios de comunicación que a organización considere oportunos para a necesaria difusión do evento (listado de resultados, clasificacións, participantes, ...).

A inscrición e participación neste torneo supón a aceptación destas bases.

3. PREMIOS / GRATIFICACIÓNS

PREMIOS: O premio pola participación no Torneo consistirá nun trofeo, que a organización outorgará a:

- O equipo campión (con máis chaves).
- Aos xogadores máximos chaveiros de cada entidade inscrita.
- Ao máximo chaveiro do torneo.
- Ao equipo invitado de fora do concello (placa) de selo caso.

GRATIFICACIÓNS: Aquelas entidades inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións veciñais de Cambre, terán unha gratificación por participar por importe de 220,00 €, sempre que o número de entidades participantes non supere o total de 6. No suposto de que se supere, repartiríase proporcionalmente a cantidade total prevista entre as participantes, segundo as actas do torneo.

4. PAGO DAS GRATIFICACIÓNS

O pagamento das gratificacións realizarase mediante transferencia bancaria.

Para o financiamento das gratificacións existe crédito por importe de 1.320,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2022 341 48100 "Becas e premios promoción Deporte".

Para o pago dos gratificacións é necesaria a presentación no rexistro de entrada da seguinte documentación:

- Ficha do formulario de datos fiscais debidamente cumprimentada.
- Fotocopia do CIF da Asociación e o DNI do seu representante legal.
- Certificado da conta bancaria da Asociación.

A data límite para a presentación da documentación será o 15 de setembro de 2022.

A presentación desta documentación implica a autorización ao Concello para obter datos sobre o cumprimento das súas obrigas coa Axencia tributaria estatal. Con carácter previo ao pagamento, comprobarase de oficio que



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

os premiados están ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, e co Concello, non podendo recibir o premio de incumprirse esta condición.

5. DESENVOLVEMENTO DO TORNEO:

Xogarase en catro campos segundo o regulamento da federación de chave.

Antes do comezo do torneo, os clubs participantes e os seus xogadores inscritos, serán informados do protocolo contra a covid-19 que deberán cumprir durante a actividade (de selo caso).

Os emparellamentos entre os equipos realizarase por sorteo en presenza dun representante de cada un dos clubs participantes.

XXXVII TORNEO CHAVE CONCELLO DE CAMBRE 2022

FORMULARIO INSCRICIÓN ENTIDADES PARTICIPANTES

ENTIDADE:

NIF:

ENDEREZO:

e-mail:

TLF:

NOME DO REPRESENTANTE:

NIF:

COMPOÑENTES DO EQUIPO (Mínimo 6)

Nome e NIF:.....
Nome e NIF:.....
Nome e NIF:.....
Nome e NIF:.....
Nome e NIF:.....
Nome e NIF:.....
Nome e NIF:.....
Nome e NIF:.....
Nome e NIF:.....
Nome e NIF:.....

En Cambre, de de 2022

Asdo:

Coa sinatura desta inscrición autorízase ao Concello de Cambre á divulgación das fotografías que se realicen neste evento deportivo. No caso contrario sinala o recadro que segue:

non autorizo cesión de imaxe.

A inscrición neste torneo implica a aceptación das bases do mesmo. Máis información 981 613 186
deportes@cambre.org

Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Cambre



XXXVII TORNEO CHAVE CONCELLO DE CAMBRE ANO 2022
FORMULARIO DATOS FISCAIS GRATIFICACIÓN

ENTIDADE:

NIF:

ENDEREZO:

e-mail:

TLF:

CLASIFICACIÓN NO TORNEO:

IMPORTE:.....euros

O IBAN da conta para facer efectiva este premio é (24 caracteres)

IBAN...../...../...../...../...../...../.....

REPRESENTANTE:

Asdo:

INFORMACIÓN PARA O PAGO DA GRATIFICACIÓN (segundo o punto 4 das bases do torneo):

O pagamento das gratificacións realizarase mediante transferencia bancaria.

Para o pago dos gratificacións é necesaria a presentación no rexistro de entrada da seguinte documentación:

- Formulario de datos fiscais debidamente cumprimentada.
- Fotocopia do CIF da Asociación e o DNI do seu representante legal
- Certificado do numero IBAN da conta bancaria da Asociación.

A data límite para a presentación da documentación será o 15 de setembro de 2022.

A presentación desta documentación implica a autorización ao Concello para obter datos sobre o cumprimento das súas obrigas coa Axencia tributaria estatal. Con carácter previo ao pagamento, comprobarase de oficio que os premiados están ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, e co Concello, non podendo recibir o premio de incumprirse esta condición.

Cambre,..... de..... de 2022

Sr Alcalde -Presidente do concello de Cambre

Segundo: Aprobar un gasto por importe de *mil trescentos vinte euros* (1.320,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 2022 341 48100 Becas e premios promoción Deporte.

Terceiro: Publicar os presentes acordos no *Boletín Oficial da Provincia* e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Cuarto: No caso de que non se presenten alegacións, entenderanse definitivamente aprobadas as Bases do XXXVII TORNEO DE CHAVE "CONCELLO DE CAMBRE" para o ano 2022 e a súa convocatoria, e publicaranse no *Boletín Oficial da Provincia*, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e na paxina web municipal.

Quinto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación das bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 19 de maio de 2022.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Germade Presedo e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe) e os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites). Abstéñense o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por dezasete votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.11. Aprobación inicial das bases do Día do xadrez 2022, que inclúe os torneos "XXI xadrez agosto en Cambre" e o "III xadrez agosto en Cambre Blitz", así como a súa convocatoria

Acceso á videoacta – 01:48:28 horas

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, de data 11 de maio de 2022, que consta do seguinte teor literal:

«O concello é a administración máis próxima ao cidadán e afronta a responsabilidade inmediata de promover a democratización do deporte orientando a súa estratexia cara á consolidación de programacións estables, con obxectivos a medio e longo prazo sobre un traballo baseado en obxectivos definidos, metodoloxía e calidade no recursos técnicos – humanos e coherencia nas programacións.

Este ano, novamente, é intención desta concellería organizar no mes de agosto, un día do xadrez referente que xa é un referente dentro da provincia. Este ano, tralo éxito de pasadas edicións, se pretende repetir a organización, durante o día 20 de agosto de 2022, de dous torneos "XXI xadrez agosto en Cambre" e o "III xadrez agosto en Cambre Blitz" dentro do que se denominará o "día do xadrez".

Tendo en conta as competencias municipais na promoción do deporte, conforme se estipula no artigo 25.2 apartado I) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, artigo 8, apartado 1) da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia e artigo 80.2) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Visto o informe do coordinador da área de Deportes, no que se informa favorablemente a aprobación das Bases do Día do Xadrez 2021 no que se desenvolverán dous torneos "XXI xadrez agosto en Cambre" e o "III xadrez agosto en Cambre Blitz", dende a Área de Cultura, Deportes e Xuventude propónse ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar inicialmente as bases do día do Xadrez 2022, no que se desenvolverán dous torneos "XXI xadrez agosto en Cambre" e o "III xadrez agosto en Cambre Blitz", tal e como se transcriben a seguir, así como a súa convocatoria:

“BASES DA CONVOCATORIA DO DÍA DE XADREZ EN CAMBRE 2022

A finalidade das presentes bases e regular o desenvolvemento do XXI torneo de Xadrez “Agosto en Cambre” e o III torneo de xadrez “Cambre Blitz” que se celebrarán con motivo da organización do día do xadrez en Cambre.

1. EMPRAZAMENTO:

- **Data e lugar de celebración:** Os torneos celebraranse no pavillón Sofia Toro de Cambre (rúa Wenceslao Fdz Flórez CP 15660, Cambre) o sábado 20 de agosto de 2022.
- **Horario**
III Torneo “Cambre Blitz”: Terá comezo ás 11:00 horas e rematará coa entrega de premios ás 13:30 horas.
XXI Torneo “Agosto en Cambre”: Terá comezo ás 15:45 horas e rematará coa entrega de premios ás 21:30 horas.

2. INSCRICIÓNS

Poderá inscribirse nos torneos calquera persoa, sempre que estea federada na tempada actual.

As inscricións nos mesmos serán gratuítas.

O prazo de inscrición será do 2 ao 18 de agosto. A inscrición formalizarase mediante a presentación da solicitude en calquera das oficinas de Rexistro Municipal (previa cita) ou na sede electrónica (sede.cambre.es), sen prexuízo do disposto no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Para estes efectos, a data de inscrición a considerar será a de entrada no Rexistro do Concello de Cambre. Os xogadores deberán presentar a súa inscrición mediante solicitude formulada no modelo normalizado,

Os participantes no torneo autorizan a publicación dos seus datos persoais nos diferentes medios de comunicación que a organización considere oportunos para a necesaria difusión do evento (listado de resultados, clasificacións, participantes, ...).

A inscrición e participación neste torneo supón a aceptación destas bases.

3. PREMIOS

Os premios para os torneos de xadrez “XXI Agosto en Cambre” e “III Cambre BLITZ” son os seguintes:

PREMIOS			
“Agosto en Cambre”		“Cambre BLITZ	
1º clasificado	200 euros + trofeo	1º clasificado	60 euros + trofeo
2º clasificado	100 euros + trofeo	2º clasificado	50 euros
3º clasificado	85 euros + trofeo	3º clasificado	40 euros
4º clasificado	80 euros + trofeo	4º clasificado	30 euros
5º clasificado	75 euros + trofeo	5º clasificado	20 euros
6º clasificado	70 euros + trofeo	1º local	20 euros
7º clasificado	65 euros + trofeo		
8º clasificado	60 euros + trofeo		
9º clasificado	55 euros + trofeo		
10º clasificado	50 euros + trofeo		
1º local	70 euros + trofeo		
2º local	40 euros + trofeo		
1º sub-18	50 euros + trofeo		

1º sub-16	trofeo		
1º sub-14	trofeo		
1º sub-12	trofeo		
1º sub-10	trofeo		
1º sub-8	trofeo		

Os premios de cada torneo non son acumulables e só se accederá ao de maior cantidade económica que corresponda, aínda que unha mesma persoa poderá optar a un premio de cada torneo.

4. PAGO DOS PREMIOS

O pagamento dos premios realizarase mediante transferencia bancaria.

Para o financiamento dos premios dos torneos existe crédito por importe de 1.220,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2022 341 48100 “Becas e premios promoción Deporte” no actual orzamento municipal (1.000,00 euros están destinados ao torneo “XXI xadrez agosto en Cambre” e 220,00 euros aos premios do torneo “III xadrez agosto en Cambre Blitz”.

Para o pago dos premios é necesaria a presentación no rexistro de entrada da seguinte documentación:

- Formulario de datos fiscais debidamente cumprimentado.
- Fotocopia do NIF do premiado, ou do seu representante legal, no caso de menores de idade.
- Certificado de número IBAN de conta bancaria titularidade do premiado, na que conste o titular da conta, ben do premiado ou do seu representante legal (no caso de menores de idade).

A data límite para a presentación da documentación será o 20 de setembro de 2022.

A presentación desta documentación implica a autorización ao Concello para obter datos sobre o cumprimento das súas obrigas coa Axencia tributaria estatal. Con carácter previo ao pagamento, comprobarase de oficio que os premiados están ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, e co Concello, non podendo recibir o premio de incumprirse esta condición.

Coa transferencia entenderase aboado o premio correspondente.

5. DESENVOLVEMENTO DOS TORNEOS

- Xogarase por sistema suízo a sete ou oito roldas dependendo do número de xogadores.
- O ritmo de xogo será:
 - **XXI Torneo de “Agosto en Cambre”**: 10 minutos por xogador + 3 segundos por xogada
 - **III torneo de “Cambre BLITZ”**: 3 minutos por xogador + 2 segundos por xogada
- Os torneos serán válidos para a obtención de ELO internacional de xadrez rápido ou ELO internacional de xadrez blitz.
- A orde de aplicación dos sistemas de desempate será: 1º) resultado particular, 2º) bucholz brasileiro, 3º) bucholz total e 4º) APRO.
- Os emparellamentos realizaranse por sistema informático contra o que non se poderán presentar reclamacións.
- Non haberá comité de competición. As decisións do árbitro son inapelables.

- Os xogadores deberán cumprir (de selo caso) o PROTOCOLO FISIOCOVID-DXTGALEGO PARA XADREZ vixente para a competición. En caso contrario poderán ser dados de baixa do torneo.
- Todo o non especificado nestas bases rexeráse polas normas e regulamento da FIDE.

CELEBRACIÓN DO DÍA DO XADREZ EN CAMBRE 2022

FORMULARIO INSCRIPCIÓN PARTICIPANTES

Torneo “Agosto en Cambre”

Torneo “Cambre Blitz”

NOME:

NIF:

DATA DE NACEMENTO (só menores de idade):

ENDEREZO:

e-mail:

TLF:

CLUB AO QUE PERTENCE:

Asdo:

Cumprimentar só no caso de menores de idade

NOME DO REPRESENTANTE LEGAL:

NIF:

Asdo:

(coa sinatura autorizo a participar a: _____)

Cambre,..... de..... de 2022

Coa sinatura desta inscrición autorízase ao Concello de Cambre á divulgación das fotografías que se realicen neste evento deportivo. No caso contrario sinala o recadro que segue: non autorizo cesión de imaxe.

A inscrición neste torneo implica a aceptación das bases do mesmo.

Máis información 981 613 186 -deportes@cambre.org

Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Cambre



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

CELEBRACIÓN DO DÍA DO XADREZ EN CAMBRE 2022

FORMULARIO DATOS FISCAIS PREMIOS

NOME:

NIF:

ENDEREZO:

e-mail:

TLF:

TORNEO NO RESULTOU PREMIADO: Torneo "Agosto en Cambre" Torneo "Cambre Blitz"

CLASIFICACIÓN NO TORNEO:

IMPORTE:.....euros

O IBAN da conta para facer efectiva este premio é (24 caracteres)

IBAN...../...../...../...../...../...../.....

NOME DO TITULAR CONTA (premiado ou representante legal):

Cambre,..... de..... de 2022

Asdo:

INFORMACIÓN PARA O PAGO DO PREMIO (segundo o punto 4 das bases dos torneos):

O pagamento dos premios realizarase mediante transferencia bancaria. Aplicaranse as retencións fiscais oportunas, segundo a lexislación vixente.

Para o pago dos premios é necesaria a presentación no rexistro de entrada da seguinte documentación:

- *Formulario de datos fiscais debidamente cumprimentado.*
- *Fotocopia do NIF do premiado, ou do seu representante legal*
- *Certificado do núm. IBAN de conta bancaria asociada ao premio, na que conste o titular da conta, ben do premiado ou do seu representante legal*

A data límite para a presentación da documentación será o 20 de setembro de 2022.

A presentación desta documentación implica a autorización ao Concello para obter datos sobre o cumprimento das súas obrigas coa Axencia tributaria estatal. Con carácter previo ao pagamento, comprobarase de oficio que os premiados están ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, e co Concello, non podendo recibir o premio de incumprirse esta condición.

Coa transferencia entenderase aboado o premio correspondente

Sr. Alcalde - Presidente do concello de Cambre"

Segundo: Aprobar un gasto por importe de *mil douscentos vinte euros* (1.220,00 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 2022 341 48100 Becas e premios promoción Deporte.

Terceiro: Publicar os presentes acordos no *Boletín Oficial da Provincia* e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que poidan presentarse as

reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Cuarto: No caso de que non se presenten alegacións, entenderanse definitivamente aprobadas as Bases dos torneos “XXI torneo de xadrez agosto en Cambre” e o “III torneo xadrez agosto en Cambre Blitz” para o ano 2022 e a súa convocatoria, e publicaranse no *Boletín Oficial da Provincia*, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e na paxina web municipal

Quinto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación das bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 19 de maio de 2022.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Germade Presedo e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe) e os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites). Abstéñense o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por dezasete votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.12. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Acceso á videoacta – 01:51:00 horas

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da proposta da Alcaldía presentada para a aprobación do proxecto básico e de execución para a “Mellora funcional e da accesibilidade do parque Ramón Barba. Cambre”. Votan a prol da urxencia os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros presentes na sesión, aprobou a declaración de urxencia da proposta presentada.

Único. Aprobación do proxecto básico e de execución, asinado o 19 de maio de 2022, para a “Mellora funcional e da accesibilidade do parque Ramón Barba. Cambre”, incluído no POS+ 2022 (Plan complementario), corrixido a requirimento da Deputación Provincial

Acceso á videoacta – 01:51:13 horas

Vista a proposta da Alcaldía, de data 25 de maio de 2022, que consta do seguinte teor literal:

«O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 27 de xaneiro de 2022 aprobou, entre outros, o proxecto que de seguido se relaciona, incluído dentro do Plan de Cooperación municipal ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS + 2021”:

Denominación	Redactor	Importe (IVE engadido)
Proxecto básico e de execución Mellora funcional e da accesibilidade do parque Ramón Barba. Cambre. Fase1	María Morán Castillo Arquitecta	243.343,10 €

Con data 28 de abril de 2022 recibíuse un requirimento da Excm. Deputación Provincial da Coruña para emendar o proxecto.

Tendo en conta os prazos outorgados para remisión da documentación requirida, e visto que as ditas modificacións non afectaban ao orzamento nin ao obxecto do proxecto, este foi aprobado pola Xunta de Goberno Local do 5 de maio de 2022 e presentado na Deputación con data 6 de maio de 2022.

Con data 19 de maio de 2022, a Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade, ditaminou favorablemente a proposta de ratificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, previamente á súa inclusión para ratificación na convocatoria do Pleno ordinario do día 26 de maio de 2022.

O mesmo día 19 de maio de 2022, recíbese un segundo requirimento da Excm. Deputación Provincial da Coruña, no que se indica que:

“Examinado o proxecto en cuestión, en relación coa integridade que ven determinada pola normativa vixente (art. 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público; art. 6 do CTE aprobado por Real Decreto 314/2006; demais concordante), emítase INFORME DESFAVORABLE, por considerar necesario engadir a seguinte documentación:

- *Xustificación de prezos/prezos descompostos*

Débense achegar os prezos simples de man de obra, maquinaria e materiais, así como a xustificación de prezos/prezos descompostos das partidas (art. 233.1.d) da Lei 9/2017)”

Tendo en conta que o proxecto foi corrixido polo técnico redactor e supervisado polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, segundo informe emitido o 25 de maio de 2022 .

Tendo en conta que a sesión ordinaria do Pleno municipal, que terá lugar mañá xoves 26 de maio de 2022, xa foi convocada mediante Resolución desta Alcaldía núm. 913/2022, do 23 de maio, polo que non consta en punto independente a ratificación do proxecto de referencia tras esta nova corrección.

Dado que o proxecto debe estar presentado na Deputación Provincial, como data máxima, o vindeiro luns 30 de maio de 2022.

Por todo o anterior, considero suficientemente xustificada a urxencia, e presento para o seu debate dentro do punto 2.12 *Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día, a seguinte proposta:*

Único: Aprobar o proxecto corrixido denominado “Proxecto básico e de execución para a mellora funcional e da accesibilidade do Parque Ramón Barba. Concello de Cambre” (Maio 2022), redactado pola arquitecta María Morán Castillo (nº 2592 COAG), asinado electronicamente o 19 de maio de 2022, e supervisado polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito.»

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Germade Presedo e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e Diego Alcantarilla Rei). Abstéñense os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

Acceso á videoacta – 01:59:44 horas

Este punto non foi utilizado.

3.2. Mocións dos grupos municipais

Acceso á videoacta – 01:59:45 horas

A) Faise constar que, con data 20 de maio de 2022, o voceiro do Grupo Municipal Popular presentou un escrito, rexistrado de entrada ao núm. 999/2604, no que se facía constar a presentación dunha moción titulada **“Moción para o estudo e propostas de melloras da mobilidade na comarca”**, co seguinte teor literal:

“En Galicia, a través do Plan de Transporte Metropolitano, a Xunta e máis os concellos participantes puxeron en marcha unha liña de colaboración dirixida a fomentar a utilización do transporte público, co obxectivo fundamental de mellorar a mobilidade e a accesibilidade nas grandes cidades galegas e nas súas contornas. Grazas a ese sistema, os cidadáns dispoñen dun servizo de transporte público colectivo que representa unha alternativa competitiva e eficiente ao transporte privado.

Grazas a ese sistema, os usuarios desfrutan da integración tarifaria, de descontos importantes no prezo dos billetes, transbordos gratuítos e bonificacións adicionais por recorrencia ou pertenza a unha familia numerosa. Ademais, desde agosto do ano 2016, os mozos viaxan gratis coa tarxeta Xente Nova.

Trátase dun auténtico plan social de transporte que na Área de Transporte Metropolitano da Coruña permite subvencionar máis de 6 millóns de viaxes ao ano e aforros nos billetes de autobús de ata o 70%.

A Xunta de Galicia asume máis do 80% do financiamento dese sistema, achegando os concellos no seu conxunto menos do 20% restante.

Este sistema veuse mellorado, ademais, desde o ano 2018, coa posta en marcha do Plan de accesibilidade dos buses interurbanos ao centro da Coruña, que funcionou como un revulsivo para incrementar os usuarios do transporte público.

Así mesmo, a Área de Transporte Metropolitano da Coruña permitiu dar resposta a outras necesidades concretas de mobilidade dos veciños dos concellos integrantes, tales como a saída do bus urbano ata o núcleo de Meicende, en Arteixo; ou ata Santa Cristina, en Oleiros.

A Área de Transporte Metropolitano da Coruña conta cunha comisión de seguimento, con todos os concellos representados, que é o foro axeitado para traballar conxuntamente neste eido.

Recentemente, por membros do Goberno do noso concello, volveuse rescatar a idea da creación dun consorcio de transportes para mellorar a mobilidade en toda a comarca da Coruña, sen dotar esa proposta de concreción nin definición algunha, sen pasar de ser, polo momento, un folio en branco.

A creación dun novo ente administrativo leva aparellados, con toda seguridade, uns custos de funcionamento, cargas financeiras e trámites administrativos. Non obstante, non existen certezas de que vaia permitir unha mellora nos servizos con respecto ao sistema actual ou que ofrezca vantaxes con respecto á estrutura actual.

Tendo en conta que a Xunta xa destina actualmente unha importante cantidade de recursos públicos ao sostemento deste sistema de transporte público na área da Coruña, centrando o investimento no abaratamento dos billetes, cabe preguntarse polas fontes de financiamento previstas para o mantemento do novo consorcio proposto e a incidencia dos seus custos de funcionamento no prezo do autobús.

Sobre a base do anteriormente exposto o Grupo Municipal Popular do Concello de Cambre, tras as incertezas manifestadas polo noso rexedor ao respecto, insta ao Pleno a adoptar o seguinte **ACORDO**:

Instar ao Sr. alcalde a manifestar a súa postura en relación coa proposta de creación dun consorcio de transporte público na área da Coruña e, no seu caso, a concretar o seu modelo, os novos servizos que se prestarán, a súa estrutura e financiamento, clarificando o impacto que a súa constitución terá no billete e, polo tanto, a repercusión no peto dos cidadáns."

Tendo en conta que o señor alcalde manifesta que este texto non responde ao concepto de moción, senón que se trata dun rogo, e ante a discrepancia manifestada por parte do voceiro do grupo propoñente a este respecto, sométese a votación do Pleno municipal a resolución do conflito, isto tendo en conta o disposto no artigo 115.2 do Regulamento orgánico municipal, segundo o cal:

"2. En caso de dúbida corresponde ao Pleno resolver sobre a cualificación das iniciativas presentadas polos grupos políticos."

Sometido o asunto a votación ordinaria votan a prol de cualificar o texto presentado como moción os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe).

Votan a prol da cualificación como rogo os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Germade Presedo e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e Diego Alcantarilla Rei).

Abstéñense o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

Así pois, o Pleno municipal, por doce votos a prol, cualifica o texto presentado polo Grupo Municipal Popular como rogo, non procedendo que sexa tratado no presente punto da orde do día.

Acceso á videoacta – 02:03:15 horas

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de AV en defensa da Vía Ártabra. Votan a prol da urxencia os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel

Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros presentes na sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

B) Moción do grupo municipal de AV en defensa da Vía Ártabra

Consta do seguinte teor literal:

“A comarca da Coruña ten un alto déficit de infraestruturas viarias que está a impedir a áxil comunicación e os desprazamentos entre os concellos. A falta de capacidade das vías para absorber todo ese volume de tráfico causa importantes perdas de tempo e de paciencia que afectan ás empresas, aos traballadores, aos estudantes, aos enfermos que van aos centros médicos, ao comercio... Unha situación que diminúe considerablemente as posibilidades de crecemento económico de todos os municipios da Área Metropolitana, que non favorece ao asentamento de novas empresa e que, en definitiva, está a hipotecar o futuro das comarcas da Coruña e Betanzos.

As estradas de acceso á cidade da Coruña e á súa comarca son as de máis tráfico de Galicia. Pola Ponte Pasaxe circulan a diario máis de 90.000 vehículos e na avenida Alfonso Molina a cifra increméntase ata os 106.000 automóviles. Este problema foi tratado en diversas ocasións ao longo dos anos desde os concellos, a Deputación, os sindicatos -CCOO, UXT, CIG- e a Universidade da Coruña, acadando un acordo unánime no 1998 no Pazo de Mariñán, no que se aprobou un plan de infraestruturas viarias para a comarca, que incluía a creación e mellora de viarios, acordando tamén requirir á Xunta de Galicia e ao Goberno de España a redacción dos proxectos necesarios para a contratación das obras.

Neste acordo destacaba a realización dun viario de circunvalación que permitira a conexións dos concellos da área metropolitana, conectara os polígonos industriais e comerciais e facilitara o desprazamento áxil da cidadanía aos distintos servizos da área de influencia: laborais, educativos, sanitarios, portuarios...

Este viario, coñecido como Vía Ártabra, iníciase coa aprobación e redacción do proxecto no ano 2004 polo Goberno galego do Partido Popular. Unha vez contratadas as primeiras fases da obra polo Goberno bipartito, foi posible realizar as obras desde o porto de Lorbé ata a N-VI a través dos concellos de Oleiros e Sada, sen ningún tipo de problema.

A última fase, contratada polo actual Goberno galego para conectar a Ártabra coa N-VI e a AP-9, na Gándara, está paralizada por sentenza xudicial debido a erros administrativos na contratación. A paralización destas obras provoca un forte atraso na execución de tan importante infraestrutura pública comarcal e un importante encarecemento das obras, o que supón un grave prexuízo que atenta contra o interese xeral da comarca e o erario público pode.

A actitude belixerante do Concello de Cambre, que se opón aos proxectos contratados polos intereses particulares dun afectado polo ramal de conexión coa AP-9 na Gándara, pretende que se inicie un novo proxecto para a vía Ártabra e que anulen os aprobados pola Xunta de Galicia, o que ocasionaría unha demora de outros vinte anos na creación de tan necesario viario para a comarca da Coruña.

Por todo o exposto, propoño que o pleno do Concello de Cambre adopte o seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Rexeitar a ofensiva xudicial e a actitude belixerante contra a Vía Ártabra do Concello de Cambre, que actúa en contra dos intereses do propio municipio e dos concellos da área como Oleiros, Sada e Bergondo, cuxo polígono queda sen o enlace previsto coas obras que estaban en execución, obrigando á Xunta á paralización dun investimento de 40 M€ e provocando un retraso aínda impredecible no desenvolvemento desta infraestrutura.

Segundo: Demandar da Xunta de Galicia a urxente emenda dos erros administrativos do Goberno que provocaron as sentenzas xudiciais para retomar, canto antes, este proxecto estratéxico para a área da Coruña.

Terceiro: Solicitar ao Goberno galego axilidade na elaboración dun novo proxecto e nos trámites administrativos necesarios para poder rematar as obras iniciadas no enlace a tres niveis no entronque da Vía Ártabra coa N-VI co fin de iniciar estes traballos canto antes para que poidan estar rematados neste ano.

Cuarto: Demandar da Xunta que, unha vez teña plenas garantías xurídicas, retome o desenvolvemento da Vía Ártabra nos prazos máis breves posibles de tempo que a normativa o permita.

Quinto: Redacte o proxecto para a conexión da vía Ártabra entre a AP-9 e a A-6.

Sexto: Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galicia e aos concellos da Área da Coruña.”

Faise constar que, a proposta do grupo municipal do PP, o grupo proponente modifica a redacción do punto segundo dos acordos, que queda redactado do seguinte teor literal:

“**Segundo:** Demandar da Xunta de Galicia a urxente emenda dos erros administrativos do Goberno bipartito que provocaron as sentenzas xudiciais e poder retomar, canto antes, este proxecto estratéxico para a área da Coruña.”

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, coa modificación na redacción do punto segundo dos acordos da moción, tal e como foi transcrito, votan a prol os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe) e os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites). Votan en contra os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e Diego Alcantarilla Rei), o concelleiro presente do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por quince votos en contra, rexeita a moción presentada polo grupo municipal de AV en defensa da Vía Ártabra.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

Acceso á videoacta – 02:49:38 horas

De orde do Sr. presidente, a secretaria accidental dá conta do seguinte asunto:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 839/2022, do 9 de maio, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica da área de Benestar Social efectuada a prol da segunda tenente de alcalde, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dende o día 10 ao 16 de maio de 2022, ambos os dous incluídos, a partir do cal continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

4.2. Rogos

Acceso á videoacta – 02:50:28 horas

Faise constar que antes de iniciar a lectura do primeiro rogo auséntase do salón de sesións o señor alcalde, asumindo a presidencia temporalmente o primeiro tenente de alcalde, don Juan González Leirós.

O señor alcalde retoma a presidencia durante o debate do primeiro rogo presentado polo PP.

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/2641 o día 23 de maio de 2022, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - Acceso á videoacta – 02:50:46 horas

Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

Tras a anulación polo Tribunal de Contratación dos pregos de atención temperá do Concello de Cambre, nas Comisións Informativas do pasado xoves, o Grupo Municipal Popular formulou as seguintes preguntas:

- Vai presentarse por parte do noso concello recurso contencioso- administrativo contra a devandita anulación?
- Que repercusións vai ter a dita anulación sobre a prestación do devandito servizo no noso concello?
- É correcta a existencia en lugares públicos da cartelería da prestación do devandito servizo polo noso concello, como o da fotografía que se achega?
- Como se está a desenvolver na actualidade a prestación deste servizo no noso concello?
- Que outros servizos dos que están a ser prestados no noso concello poden verse afectados pola utilización de criterios semellantes aos que agora foron anulados para a prestación do servizo de atención temperá?

A pesar de que a prestación do devandito servizo estímase de especial importancia para a poboación máis sensible do noso municipio e á evidente responsabilidade do Goberno local na anulación dos pregos de contratación, os seus responsables negáronse a contestar as nosas preguntas, que son as que se están preguntando os nosos veciños; razón pola que desde o Grupo Municipal Popular interésase que tras a contestación ás preguntas formuladas se adopten as medidas necesarias para liquidar os problemas que provocaron a anulación polo Tribunal de Contratación dos pregos de atención temperá do Concello de Cambre.

Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 02:58:53 horas

Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

Nos últimos meses, veciños de Fraís, na parroquia de Cecebre, advírtennos da existencia de verteduras nas augas que discorren polo lugar tal e como se advirte nas fotografías que se achegan. Asunto que xa foi posto en coñecemento do Goberno local a través dos nosos rogos e preguntas tanto en sede plenaria como en Comisións Informativas sen que a día de hoxe se dera solución ao problema pese comprometerse a iso.

Por iso é polo que desde o Grupo Municipal Popular interésase que pola concelleira competente que se resolvan, o máis axiña posible, os problemas advertidos.

Dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, contesta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 03:04:04 horas

Lee o rogo dona Marta María Vázquez Golpe.

Son constantes as queixas recibidas por este Grupo Municipal Popular sobre a caótica situación de tráfico que sofre o noso municipio, sobre todo en zonas estratéxicas e en horas punta; como as vividas o pasado venres pola tarde entre A Barcala e o Paraugas; na estrada Cambre-O Temple; tal e como se observa nas fotografías que se achegan.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se interesa que, polo Goberno local se adopten as medidas necesarias para resolver o máis axiña posible as medidas necesarias para mellorar os problemas de tráfico advertidos.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta o rogo.

Rogos presentados oralmente polo BNG

Acceso á videoacta – 03:08:18 horas

Don Brais Cubeiro Fernández formula os seguintes rogos:

1º rogo. Familias usuarias do parque infantil de San Lourenzo demandan a instalación dalgún elemento de sombra na zona do parque. Rogamos atendan a demanda anteriormente citada.

2º rogo. Veciñas e veciños de Altamira demandan recolocar os bancos recentemente instalados no parque veciñal ao carón da igrexa e poñer algún elemento que tape as correntes de aire e emendar as reparacións feitas pola veciñanza neste sentido. Rogamos reparen as deficiencias demandadas pola veciñanza de Altamira.

Rogos presentados oralmente por EU-Son en Común

Acceso á videoacta – 03:08:55 horas

Dona María Olga Santos López formula os seguintes rogos:

Dende o ano 2021, en EU levamos interesándonos e preocupándonos pola ausencia de implicación nun programa que, visto co paso do tempo, era demasiado ambicioso para ser iniciado no tempo que se fixo. Falamos da atención temperá no Concello de Cambre.

Presentouse este servizo como algo beneficioso e novo para o Concello, e efectivamente así é. A cuestión é que o seu desenvolvemento foi reprobable dende o inicio ata o día de hoxe.

No ano 2021 unicamente foron prestados 3 meses de servizo, perdendo, por tanto, 6 meses de subvención.

Que se presten tres meses de servizo e este se vexa interrompido abruptamente, contravén a propia esencia da atención temperá que sempre está ligada á intervención a nenas e nenas de 0 a 6 anos con trastornos de desenvolvemento e que tanto no Libro Branco da atención temperá, como nas bases da subvención que proporciona a Concellería de Política Social, como na experiencia ou relato de calquera profesional da atención temperá, sempre vai ligada a que a dita intervención debe ser continuada, flexible e contextualizada.

É responsabilidade única e exclusiva deste Goberno o feito de que por prestar o servizo unicamente entre o 1 de setembro e o 30 de novembro de 2021, a día de hoxe, moitas nenas e nenas, ademais de perder a dita intervención, no que moitos casos supón un retroceso no avance do nena ou nena, tamén supón ter perdido o

seu lugar na lista de agarda que tiveran nalgún outro servizo de atención temperá no Servizo Público de Saúde, atopándose nunha situación desesperada.

Por se isto fora pouco, descubrimos dende a nosa formación, que se estivo enganando ás familias que chaman para interesarse pola continuidade dos servizos e a propia empresa que prestara a atención temperá e que xa estaba desvinculada do Concello chegaba a ofrecer servizos particulares, pero xa cobrando tarifas, á espera de "retomar" o servizo, algo dobremente grave. Por unha parte, non se entende que unha empresa antes de que saia o seguinte contrato a licitación xa presupón que vai ser ela a que vai prestar o servizo, e por outra parte, a absoluta falta de ética de quen ofrece cobrando o que debe ser un servizo gratuíto.

Por se isto fora pouco, na páxina web do Concello, ata que en EU o denunciámos, seguiuse publicitando a empresa e o servizo como se se seguise prestando, xa con posterioridade a que rematara, co que, as familias que chamaban para interesarse falaban cunha persoa sen vinculación co Concello de Cambre, pero que ofrecía servizos particulares. A maiores de todo isto a custodia de datos médicos dos menores de idade foi denunciada pola nosa formación ante a AEPD, por ser presuntamente de todo punto irregular e non suxeita ao establecido pola LOPD.

Actualmente o propio TACGAL vén de anular a licitación do servizo para o ano 2022, grazas a unha denuncia da nosa formación por incumprimento dun requisito básico neste tipo de servizos: Nunca pode primar o prezo senón a calidade na licitación e contratación de quen preste o servizo, algo que si se facía nos pregos do Concello de Cambre.

Neste momento, a situación é aínda peor que en 2021, porque os responsables do Goberno non teñen como prioridade un dos mandatos primordiais da atención temperá, a continuidade no tempo. A día de hoxe, segue vinculada a prestación do servizo ao feito de que a Consellería de Política Social conceda ou non unha subvención. A privación na intervención no trastorno de desenvolvemento dun neno ou nena é mais prexudicial que a propia falta de intervención.

Falamos agora de vontade política, de interese xeral e das necesidades de atención temperá de nenas e nenos de Cambre, falamos de colaboración, e falamos, sobre todo de altura de miras dos 21 membros que compoñemos esta Corporación.

Existindo múltiples fórmulas para dotar de crédito a diferentes aplicacións orzamentarias e sendo imprescindible, unha vez licitado correctamente e contratado o servizo de atención temperá en Cambre, que o Concello garanta a súa continuidade sen que estea vinculada a que dende a Xunta de Galicia se outorgue ou non subvención.

1º rogo. Sexa estudado e iniciado polos servizos técnicos e validado polos responsables políticos algún dos mecanismos existentes de modificación orzamentaria, tales como suplemento de crédito, crédito extraordinario, redistribucións ou calquera que poida proceder para, durante o curso 2022-2023 e 2023-2024, o Concello de Cambre poida asegurar a continuidade do servizo de atención temperá con recursos propios tanto no contrato como na súa prórroga.

2º rogo. Sexa incluída unha aplicación orzamentaria anual, a comezar no orzamento 2023, con carácter permanente e continua en orzamentos posteriores, que cubra a totalidade do servizo de atención temperá, para que este non perviva a expensas da recepción da subvención de Política Social.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/2641 o día 23 de maio de 2022, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 03:14:33 horas

Lee a pregunta dona Marta María Vázquez Golpe.

No pleno do pasado mes de abril, o rodete do Goberno local de Cambre, aprobou a modificación puntual das normas subsidiarias de plan de Cambre no ámbito do SAU-RD1, na Barcala; o que vai supoñer a construción de máis de 250 vivendas, cun gran incremento poboacional na zona de maior densidade urbana do noso municipio.

Incremento poboacional que vai provocar un aumento do caos circulatorio xa existente na zona, sobre todo na estrada Cambre-O Temple, que debe ser obxecto dun adecuado estudo e a súa pertinente explicación á cidadanía que xa sofre os problemas de tráfico.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se interesa que polo Goberno local de Cambre, se informe das medidas que ten previstas para mellorar os problemas que se agudizarán tras a aprobación definitiva e execución da modificación puntual das normas subsidiarias referida.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 03:17:19 horas

Lee a pregunta dona María Jesús González Roel.

Son numerosas as queixas recibidas polos membros do Grupo Municipal Popular respecto da falta de pagamento das bolsas de estudo que foron solicitadas ao comezo do presente curso escolar que está a piques de terminar.

Bolsas cuxa finalidade é a axuda na compra de libros e material escolar, que parece non cumprirse cando chegan tarde e que tal e como se informa desde os servizos “están pendentes de revisar”.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se interesa que polo concelleiro con competencias en materia de educación se informe sobre o motivo do atraso no pago das devanditas bolsas e as previsións sobre o seu pago efectivo.

Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 03:18:51 horas

Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Nos últimos días, os veciños de Cambre vímonos sorprendidos coas noticias difundidas polos medios de comunicación nas que se informaba que o Concello de Oleiros denunciaba publicamente que, tras a rotura, o luns 16 de maio, dunha tubaxe que fornecía auga ao devandito concello, o concelleiro de Urbanismo e Obras de Cambre enviou unha mensaxe por whatsapp ao responsable da empresa responsable de augas de Oleiros, no que dicía que “*se ían sufrir os efectos colaterais da actitude belixerante do alcalde oleirense cara a Cambre, polo que non podería realizarse a obra de reparación como moi cedo ata o venres*”.

Descoñecendo, a día de hoxe, se tan irresponsable contestación é asumida polo citado concelleiro, a pesar de ser requirido a facelo nas Comisións Informativas do pasado xoves, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro de Urbanismo se vai instar medidas xudiciais ante tal acusación.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta a pregunta.

Preguntas presentadas oralmente polo BNG

Acceso á videoacta – 03:25:55 horas

Don Brais Cubeiro Fernández formula as seguintes preguntas:

1ª pregunta. Vaise realizar este ano o Día do Deporte?

2ª pregunta. Cal é o calendario de rozas dos camiños municipais neste 2022?

3º pregunta. Vaise realizar este ano o programa de actividades culturais, que inclúe actividades como fotografía, informática, etc.?

Pregunta presentada oralmente por AV

Acceso á videoacta – 03:26:18 horas

Don Raúl Varela Fraguío formula a seguinte pregunta:

Estes días chéganos a través da prensa o que xa mencionamos antes dunha suposta mensaxe de texto na cal o concelleiro de Urbanismo afirmaba que *“ían sufrirse os efectos colaterais da actitude belixerante de Gelo cara Cambre, polo que non podería reparar unha tubaxe”*.

Preocupados por se se sempre que haxa que acordar algo co concello limítrofe van actuar supostamente deste modo, vendo que desde outras administracións adoita ser o silencio por resposta ás peticións de Cambre.

Gustaríanos preguntar se este é o estilo de comunicación que promoven os membros deste Goberno local con cargos doutras administracións.

Priorizando os temas persoais ou os institucionais.

Preguntas presentadas oralmente por EU-Son en Común

Acceso á videoacta – 03:28:28 horas

Dona María Olga Santos López formula as seguintes preguntas:

1ª pregunta. Pregunta dirixida ao concelleiro de Deportes.

Unha vez visto o anuncio da concesión de bolsas para deportistas 2021.

Cál é a xustificación no atraso da concesión das ditas bolsas para deportistas?

2ª pregunta. Pregunta dirixida ao concelleiro de Deportes

Qué previsión temporal hai para convocar as bases de bolsas para deportistas 2022?



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e tres horas e trinta minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López